

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ORDE do 30 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de compensacións complementarias e axudas para a reposición dos animais en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución de programas oficiais de erradicación de enfermidades, e se convocan para o ano 2023 (códigos de procedemento MR553A, MR553B e MR550A).*

O artigo 21 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no que se refire á loita, control e erradicación das enfermidades dos animais, establece que o sacrificio obrigatorio destes ou, se é o caso, a destrución dos medios de produción que se consideren contaminados, dará lugar á correspondente indemnización, en función dos baremos aprobados oficialmente. Igualmente, establece que serán indemnizables os animais que morran por causa directa tras seren sometidos a tratamentos ou manipulacións preventivos ou con fins de diagnóstico ou, en xeral, os que morresen no contexto das medidas de prevención ou loita contra unha enfermidade como consecuencia da execución de actuacións impostas pola autoridade competente.

Con todo, nas explotacións de gando bovino, ovino e cabrún, dada a súa estrutura produtiva en Galicia, as indemnizacións establecidas non cobren suficientemente as importantes perdas económicas dos produtores naquelas explotacións en que se fai un baleiro sanitario por sacrificio obrigatorio de todos os seus animais e que se ven obrigadas, ademais, a asumir un período de inactividade produtiva ata que os servizos veterinarios oficiais autorizan a reintrodución de animais na explotación.

Consecuentemente, resulta pertinente establecer mecanismos de compensación complementaria.

Por outra parte, cómpre ter en conta a dificultade con que se atopan os titulares das explotacións de gando bovino, ovino e cabrún para poder repoñer os animais de similares características aos que foron obrigados a sacrificar e que, na maior parte dos casos, non hai posibilidade de acadar a reposición total ao mesmo tempo.

Polo tanto, para aqueles casos de explotacións destas especies en que, coas indemnizacións por sacrificio obrigatorio, non se acada o valor de adquisición de novos animais similares aos sacrificados e, consecuentemente, non resultaría factible repoñer eses ani-



mais, considérase necesario establecer axudas para favorecer a reposición do gando sacrificado obrigatoriamente.

Trátase de axudas estatais dirixidas ás pemes dedicadas á produción agrícola primaria e encádranse dentro do Regulamento (UE) núm. 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, e cumpren os seus requisitos.

En virtude do exposto, de conformidade co disposto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das facultades que me confiren o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO:

TÍTULO I

### **Disposicións xerais**

#### Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e convocar para o ano 2023:

1. As axudas de compensacións complementarias por lucro cesante nos casos de inactividade nas explotacións de gando bovino, ovino e cabrún, rexistradas en Galicia, con motivo da vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades destas especies, levados a cabo no marco de programas ou actuacións sanitarias oficiais.

Esta orde regulará, dentro destas axudas do número 1, dous procedementos que se atopan na sede electrónica da Xunta de Galicia e que se corresponden cos dous períodos de tempo nas axudas:

a) Axudas de compensacións complementarias en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún: período de baleiro. Código de procedemento MR553A.

b) Axudas de compensacións complementarias en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún: período de postautorización á reintrodución. Código de procedemento MR553B.



2. As axudas para a compra de animais das especies bovina, ovina e cabrúa que teña por obxecto a reposición de efectivos, naquelas explotacións rexistradas en Galicia en que se ordenou o sacrificio de animais destas especies, despois do diagnóstico dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación; tamén se incluírán os casos de animais desas especies que morresen neses marcos sanitarios oficiais citados, e os casos de morte/sacrificio deses animais como consecuencia dun programa oficial obrigatorio de vacinación.

En relación con número 2, a orde regulará o procedemento de axudas á reposición de animais: xeral, que se atopa recollido na sede electrónica da Xunta de Galicia co código de procedemento MR550A.

3. O procedemento de concesión das axudas recollidas nesta orde, de xeito excepcional, non requirirá a comparación nin a prelación das solicitudes presentadas, senón que se tramitarán todas as solicitudes a medida que as persoas interesadas as presenten, ata esgotar o crédito orzamentario, e en cumprimento do artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 2. *Persoas e entidades beneficiarias*

1. Poderán ser persoas beneficiarias das axudas de compensacións complementarias por lucro cesante as persoas físicas e xurídicas privadas e as entidades sen personalidade xurídica que sexan titulares de explotacións bovinas, ovinas e cabrúas en que se sacrifícase ou destrúese de forma preventiva a totalidade do seu censo, por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación.

2. Poderán ser persoas beneficiarias das axudas para a compra de animais de reposición as persoas físicas e xurídicas privadas e as entidades sen personalidade xurídica, que sexan titulares de explotacións bovinas, ovinas e cabrúas, en que se ordenase o sacrificio obrigatorio de animais existentes nelas, e como consecuencia do diagnóstico dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación, así como as persoas ou entidades titulares daquelas explotacións onde morresen ou se practícase a eutanasia de animais das ditas especies, por mor dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación, ou por mor dun programa oficial obrigatorio de vacinación.



3. As persoas ou entidades solicitantes das axudas establecidas nesta orde, para seren beneficiarias delas, deberán ter a condición de pemes, de acordo co disposto no anexo I do Regulamento (UE) núm. 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

4. No cumprimento do artigo 1.6.b).ii) do Regulamento (UE) núm. 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño, as pemes beneficiarias do presente réxime de axudas non terán a consideración de empresas en crise, segundo a definición destas establecida no artigo 2.14 deste regulamento, agás que a empresa se convertese nunha empresa en crise por mor dos danos ou perdas causados polas enfermidades animais recollidas na lista da Organización Mundial de Sanidade Animal (OMSA), ou no artigo 5.1 do Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo, ou no Regulamento (CE) núm. 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio.

5. Non poderán ter a condición de persoas beneficiarias das axudas reguladas nesta orde as persoas ou entidades:

a) Que se atopen en calquera das circunstancias sinaladas no artigo 10, puntos 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13, puntos 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Así mesmo, será de obrigado cumprimento a apreciación recollida no artigo 14 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente, despois dunha decisión previa da Comisión que declárase unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior, e en cumprimento do artigo 1.5.a) do Regulamento (UE) núm. 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño.

### Artigo 3. *Requisitos*

1. Para os efectos de ter dereito ás axudas reguladas nesta orde, as persoas titulares implicadas e as explotacións gandeiras afectadas:

a) Cumprirán e seranlles de aplicación os contidos da normativa en vigor, citada a continuación, que afecten directamente o correcto desenvolvemento dos programas e actua-



cións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación de enfermidades dos animais: sobre sanidade animal, identificación animal, movemento pecuario, benestar animal, alimentación animal, seguridade alimentaria nas producións gandeiras e a propia dos programas nacionais de vixilancia, loita, control e erradicación de enfermidades dos animais.

b) Terán a obriga de cumprir o contido do artigo 17 do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais e, polo tanto, non se atoparán en ningún dos supostos previstos no artigo 17.2 do citado Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro.

c) As explotacións afectadas estarán correctamente rexistradas na Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto, figurarán inscritas e con todos os seus datos actualizados no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega), establecido polo Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, e no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), regulado no Decreto 200/2012, do 4 de outubro.

2. Para as axudas de compensacións complementarias por lucro cesante, ademais, comprobarase:

a) Que sexa efectivo o baleiro sanitario da explotación, co sacrificio obrigatorio da totalidade dos seus animais.

b) Que se cumpra o prazo de tempo para o período de baleiro (ou período de corentena) da explotación, sinalado pola autoridade sanitaria competente, ata que esta autorice a repoboación na explotación ou leve a cabo a súa desinmobilización.

3. Para as axudas á reposición de gando, ademais, comprobarase que se cumpren os seguintes requisitos:

a) En todos os casos ter sacrificado obrigatoriamente, nos prazos sinalados pola autoridade competente, aqueles animais de especies susceptibles de padecer a enfermidade e que fosen diagnosticados positivos ou sospeitosos.

b) Ter efectuado previamente, antes da reposición dos animais, a limpeza e desinfección da explotación de acordo coa lexislación vixente e as instrucións da autoridade competente.



c) Cumprir a normativa establecida na Orde do 4 de abril de 1997 pola que se establecen as normas para o desenvolvemento das campañas de saneamento gandeiro das especies bovina, ovina e cabrúa.

d) En canto aos animais adquiridos polos cales se solicita axuda, os da especie bovina procederán de explotacións de orixe cunha cualificación sanitaria T3B4 durante os 3 últimos anos consecutivos como mínimo. As ditas explotacións de orixe deberán tamén pertencer a provincias e unidades veterinarias locais de prevalencia de tuberculose inferior ao 0,10 %. Se as reses bovinas adquiridas proceden de explotacións de orixe situadas noutros países, estes deberán ser oficialmente indemnes de tuberculose, brucelose e leucose bovina, e libres de peripneumonía contaxiosa bovina.

Os animais comprados das especies ovina e cabrúa deberán proceder de explotacións de orixe con cualificación sanitaria M4 durante os 3 últimos anos consecutivos como mínimo, e pertencentes a provincias e unidades veterinarias locais de prevalencia de tuberculose bovina inferior ao 0,10 %. Se as reses ovinas ou cabrúas adquiridas proceden de explotacións de orixe situadas noutros países, estes deberán ser oficialmente indemnes de tuberculose bovina e de brucelose ovina e cabrúa.

Para os efectos de coñecer as prevalencias de tuberculose bovina antes de efectuar a compra de animais, consultarase a seguinte ligazón da web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA):

[https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/sanidad-animal-higiene-ganadera/sanidad-animal/enfermedades/tuberculosis/Tuberculosis\\_bovina.aspx](https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/sanidad-animal-higiene-ganadera/sanidad-animal/enfermedades/tuberculosis/Tuberculosis_bovina.aspx)

Dentro do Programa nacional de erradicación da tuberculose bovina (PNETB) atópase a información de prevalencias desta enfermidade, por provincia e por comarca veterinaria, e que é actualizada anualmente polo MAPA:

Provincias libres e de prevalencia menor 0,2.

Prevalencias de rabaño comarcais TB 2021.

4. Os servizos de gandaría provinciais da Consellería do Medio Rural, como órganos competentes para a tramitación dos procedementos de concesión das axudas reguladas nesta orde, comprobarán o cumprimento dos requisitos descritos nos tres puntos anteriores.



**Artigo 4. *Inicio dos procedementos: presentación de solicitudes***

1. Os procedementos de concesión das axudas iniciaranse coa presentación das solicitudes de axuda por parte das persoas interesadas, e empregando os seguintes formularios que figuran como anexos nesta orde:

a) Para as axudas de compensacións complementarias por lucro cesante (do capítulo I desta orde): o anexo II para solicitar o período de baleiro da explotación (corresponde ao procedemento MR553A) e o anexo III para solicitar o período de tres meses posterior ao do baleiro (corresponde ao procedemento MR553B).

b) Para solicitar as axudas para a compra de gando bovino, ovino e cabrún para a reposición (do capítulo II desta orde): o anexo IV (corresponde ao procedemento MR550A).

2. Cada solicitude inclúe unha declaración responsable de titularidade de conta bancaria (datos bancarios). Nela, a persoa solicitante anotará o titular da conta, que será o titular da explotación gandeira, e o número da conta bancaria (código IBAN da conta) que pertenza ao dito titular da explotación, para os efectos de pagamento das axudas e, así mesmo, declarará a súa veracidade.

**Artigo 5. *Lugar e forma de presentación das solicitudes de iniciación***

As persoas interesadas deberán cumprir o establecido nos artigos 14, 16 e 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, así mesmo, ao abeiro do artigo 10.1. a) e c) da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas traballadoras autónomas (persoas físicas) e as persoas que as representen, para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, estarán obrigadas a relacionarse a través dos medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo no ámbito do sector público autonómico:

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados (anexo II, procedemento MR553A; anexo III, procedemento MR553B; anexo IV, procedemento MR550A) dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

2. A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica (sociedades civís (SC), comunidades de bens (CB), etc.), as





persoas físicas que sexan traballadoras autónomas e as persoas representantes dunha das anteriores.

3. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

4. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

5. Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica (persoas físicas que non sexan traballadoras autónomas), opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado (anexo II, anexo III e anexo IV) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 6. *Lugar e forma de presentación da documentación complementaria*

As persoas interesadas deberán cumprir o establecido nos artigos 14, 16 e 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, así mesmo, ao abeiro do artigo 10.1. a) e c) da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas traballadoras autónomas (persoas físicas) e as persoas que as representen, para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, estarán obrigadas a relacionarse a través dos medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo no ámbito do sector público autonómico:

1. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

2. A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas persoas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.





3. Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

#### Artigo 7. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación dos procedementos establecidos nesta orde consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante, ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) DNI/NIE da persoa representante.
- d) NIF da entidade representante.
- e) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- f) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- g) Certificado de estar ao día nas obrigas e débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- h) Certificado de estar ao día nas obrigas e débedas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.



2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente (anexo II, procedemento MR553A; anexo III, procedemento MR553B; anexo IV, procedemento MR550A) e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 8. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica, tamén poderán realizarse os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 9. *Emenda e mellora da solicitude*

A persoa interesada que non presente a solicitude (anexos II, III e IV) correctamente cuberta ou a documentación complementaria que corresponda, ou ben non emende a falta, os datos ou os documentos erróneos, no prazo de dez días hábiles (excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos), desde o momento en que lle sexa notificado polo servizo provincial de gandería, terase por desistida da súa petición, segundo o establecido no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de ditada resolución para o efecto nos termos previstos no artigo 21 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

#### Artigo 10. *Criterios regulamentarios de aplicación nas fases do procedemento*

Durante a tramitación das axudas establecidas nesta orde cumpriranse os seguintes criterios:

1. A axuda unicamente se concederá en relación coas enfermidades animais que figuran na lista de enfermidades animais elaborada pola Organización Mundial de Sanidade Animal (OMSA), ou no artigo 5.1 do Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do



Consello, do 9 de marzo, ou no Regulamento (CE) núm. 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio.

2. A axuda só se pagará en relación con enfermidades animais para as cales existan disposicións nacionais ou da Unión Europea, de carácter legal, regulamentario ou administrativo, e como parte dun programa público a nivel da Unión, nacional ou rexional para a prevención, control ou erradicación da enfermidade animal de que se trate.

3. Estas axudas, destinadas a reparar os danos causados por enfermidades animais, limitaranse ás perdas ocasionadas polas enfermidades cuxos focos fosen oficialmente recoñecidos polas autoridades competentes.

4. Restaranse do importe máximo da axuda os pagamentos recibidos en virtude de pólizas de seguros e por calquera outra medida para os mesmos custos subvencionables e, así mesmo, os custos que non fosen directamente provocados pola enfermidade animal e que, noutras circunstancias, a persoa beneficiaria tería efectuado.

5. Non se poderán conceder axudas por medidas cuxo custo, segundo o establecido pola normativa da Unión, deba ser sufragado pola persoa beneficiaria, salvo que ese custo sexa totalmente compensado por exaccións obrigatorias pagadas polas persoas beneficiarias.

6. Este réxime de axudas pagarase nun prazo de catro anos a partir da data de sacrificio dos animais, é dicir, a data en que a enfermidade animal ocasionou a perda.

#### Artigo 11. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. O prazo para a presentación de solicitudes e, se é o caso, da correspondente documentación complementaria será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o día 30 de novembro de 2023.

2. A tramitación do procedemento de concesión das axudas establecidas nesta orde levarase a cabo durante todo o exercicio orzamentario do ano 2023.

#### Artigo 12. *Disposicións na instrución do procedemento*

1. Segundo o procedemento de concesión que se iniciase (do capítulo I ou II), e unha vez reunidas as solicitudes das axudas (anexos II, III ou IV) que procedan xunto coa súa correspondente documentación, os servizos provinciais de gandaría remitirán á Subdirección Xeral de Gandaría os seus informes para proposta de resolución (un informe para



cada solicitude de axuda), xunto con toda a documentación dos expedientes, para a súa supervisión polos órganos xestores da dita subdirección.

2. A persoa titular da Subdirección Xeral de Gandaría emitirá as correspondentes propostas de resolución.

3. As propostas de resolución remitiranse á persoa titular da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias para os efectos de resolver as axudas, por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural.

4. Os órganos xestores tramitarán durante o ano 2023, ademais das axudas correspondentes a ese ano, todas as axudas de compensacións complementarias e as axudas á reposición de gando que quedasen pendentes do ano 2022.

#### Artigo 13. *Resolucións*

1. A resolución dos expedientes das axudas recollidas nesta orde correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural en virtude da Orde do 17 de novembro de 2015, que a emitirá no prazo máximo de cinco meses, contados desde o inicio do procedemento de concesión da axuda e sempre antes do 31 de decembro de 2023. Transcorrido ese prazo sen que se dite resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude de axuda por silencio administrativo.

2. Modificación da resolución. A resolución de concesión da axuda poderá ser modificada:

a) Por alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión.

b) Pola obtención concorrente da mesma axuda outorgada por outras administracións (da UE, nacionais, internacionais, autonómicas), superando a intensidade máxima establecida para a axuda.

#### Artigo 14. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.



2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario. No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar, en todo caso, no formulario pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 15. *Recursos*

Contra as resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados en aplicación desta orde poderanse interpor os seguintes recursos:

1. Recurso potestativo de reposición, ante o conselleiro do Medio Rural, e segundo os artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

a) No prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, se a resolución foi expresa.



b) Nos casos de resolución presunta poderá interpoñerse o recurso de reposición en calquera momento, desde o día seguinte a aquel en que se entenda denegada a axuda.

2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e de acordo co previsto nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa:

a) No prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta foi expresa.

b) No prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a resolución presunta.

#### Artigo 16. *Réxime de compatibilidade*

1. O réxime de axudas de Estado regulado nesta orde será compatible con calquera outra axuda que se poida obter das distintas administracións (da UE, internacionais, nacionais, autonómicas) para a mesma finalidade, sempre e cando a contía en concorrencia de todas elas non supere a intensidade máxima da axuda, que para este réxime de axudas é do 100 % dos custos subvencionables, e en cumprimento do establecido nos artigos 8 e 26 do Regulamento (UE) núm. 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño (DOUE do 1.7.2014, L 193/1).

2. Para o mesmo concepto ou finalidade só se poderá percibir unha única vez a axuda á reposición de gando (unha única persoa beneficiaria), ao abeiro desta orde da Consellería do Medio Rural que se publica cada ano (un único pagamento para un mesmo animal repostado).

3. Para as axudas de compensacións complementarias por lucro cesante (capítulo I desta orde), no suposto de que se engadan varias axudas, o importe acumulado da axuda concedida non poderá exceder nunca o 100 % dos custos reais soportados.

4. Para as axudas para a compra de animais de reposición (capítulo II desta orde), o importe total das axudas de reposición en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas destinadas para o mesmo fin, o custo da reposición.

5. Neste ámbito de acumulación de axudas, os formularios de solicitude recollidos nesta orde (anexo II, procedemento MR553A; anexo III, procedemento MR553B, e anexo IV,



procedemento MR550A) inclúen unha declaración responsable da persoa solicitante, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade.

#### Artigo 17. *Reintegro*

1. O incumprimento pola persoa solicitante de calquera das condicións establecidas nesta orde dará lugar á devolución, se é o caso, das cantidades indebidamente percibidas.

2. Igualmente, a persoa solicitante terá a obriga do reintegro nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo doutras responsabilidades que procedan no cumprimento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### Artigo 18. *Xustificación*

1. Os expedientes de concesión das axudas establecidas nesta orde iniciaranse cando as persoas interesadas presenten a solicitude da axuda (anexo II, III ou IV) e, se é o caso, a documentación complementaria que corresponda, segundo o procedemento de que se trate (MR553A, MR553B ou MR550A).

2. Nas axudas de compensacións complementarias por lucro cesante, é só para os casos en que lles sexa requirido polo servizo de gandería provincial, as persoas beneficiarias deberán xustificar:

a) Antes de solicitar o segundo período da axuda (período de postautorización á reintrodución de gando), que levaron a cabo os labores de hixiene e desinfección da explotación afectada.

b) En relación coa declaración responsable recollida no anexo II (procedemento MR553A) desta orde, referida á/ás clase/s de póliza/s de seguros gandeiros que tivese contratada/s ou non a persoa titular da explotación, na data en que a autoridade competente ordenou o sacrificio da totalidade dos animais ou baleiro sanitario da explotación, para cubrir as garantías relacionadas coa perda de produtividade económica ou inactividade nela: documentos relacionados con esta/s póliza/s, a póliza completa contratada, a percepción dos importes percibidos pola perda, e que lle poderán ser solicitados, de non telos presentado, polos xestores da axuda dos servizos provinciais de gandería, na súa función de verificación dos datos comunicados na declaración responsable.





3. Nas axudas para a compra de animais de reposición, as persoas beneficiarias deberán xustificar:

a) A compra das reses polas cales solicitan axuda, mediante o documento acreditativo dela (factura, contrato privado de compravenda...), e que o dito gasto realizado foi efectivamente pagado, mediante o documento correspondente emitido pola entidade financeira e recollido no artigo 41.1.f) desta orde.

b) Que levaron a cabo a reposición ou incorporación dos animais na súa explotación, só para os casos en que este feito sexa requirido polo servizo de gandería provincial.

c) Só para os casos en que lles sexa requirido polo servizo de gandería provincial, en relación coa declaración responsable recollida no anexo IV (procedemento MR550A) desta orde, referida á/ás clase/s de póliza/s de seguros gandeiros que tivese contratada/s ou non a persoa titular da explotación, na data en que a autoridade competente ordenou o sacrificio dos animais, para cubrir as garantías relacionadas coas indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en cumprimento de actuacións ou programas sanitarios oficiais: documentos relacionados con esta/s póliza/s, a póliza completa contratada, a percepción dos importes percibidos polos animais sacrificados, e que lle poderán ser solicitados, de non telos presentado, polos xestores da axuda dos servizos provinciais de gandería, na súa función de verificación dos datos comunicados na declaración responsable.

4. O incumprimento pola persoa solicitante de calquera das condicións ou requisitos recollidos nesta orde dará lugar á perda do dereito á axuda.

#### Artigo 19. *Concesión e pagamento*

1. A concesión e o pagamento das axudas tramitaranos os órganos xestores dos procedementos, logo de comprobaren que as solicitudes presentadas cumpren con todos os requisitos recollidos nesta orde.

2. Así mesmo, o pagamento estará suxeito ás dispoñibilidades de crédito vixentes.

#### Artigo 20. *Controis*

1. A Consellería do Medio Rural poderá realizar os controis administrativos e as inspeccións que considere oportunos, co fin de comprobar a veracidade dos datos comunicados



e da documentación presentada, así como para verificar o cumprimento dos requisitos para a percepción das axudas. A persoa solicitante estará obrigada a colaborar nos controis e nas inspeccións, proporcionando os datos requiridos e facilitando, se é o caso, o acceso á explotación.

2. Neste marco, as persoas solicitantes terán a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos xestores, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

#### Artigo 21. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

#### Artigo 22. *Financiamento*

1. As axudas establecidas nesta orde, tanto as xeradas durante o ano 2023 como as que non puideron ser tidas en conta durante o ano 2022, financiaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023:

14.04.713E.771.1, cunha dotación de 125.000 € (cento vinte e cinco mil euros).

Proxecto 2012 00741.

2. Esta orde tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, así como ao



abeiro do establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

O artigo 25.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, indica que poderá aprobarse unha convocatoria de axudas nun exercicio orzamentario anterior ao da súa resolución, cando exista crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma para a cobertura orzamentaria do gasto.

Conforme o establecido no artigo 25.2 do citado decreto, a concesión das axudas desta orde queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

3. Conforme o artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería do Medio Rural excepcionalmente terá a posibilidade de ampliar o crédito fixado na convocatoria desta orde cando o aumento veña derivado:

- a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.
- b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.
- c) No suposto previsto no artigo 25.3 deste Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se for o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

## TÍTULO II

### Disposicións específicas

#### CAPÍTULO I

#### **Axudas de compensacións complementarias por lucro cesante**

##### Artigo 23. *Disposicións para a contía das compensacións complementarias*

1. O importe das compensacións complementarias por lucro cesante en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún será determinado con base nos cálculos aplicados ás mar-



xes brutas das principais actividades produtivas gandeiras das explotacións, que se xuntan como anexo I a esta orde, tendo en conta o período de inactividade da explotación desde o día seguinte a aquel en que sexa efectivo o seu baleiro sanitario (a data real do baleiro é a data de sacrificio do último animal que saíu da explotación), e que fose ordenado pola autoridade competente.

2. Estas axudas constan de dous períodos de tempo na súa tramitación e no seu pagamento:

a) O tempo de baleiro da explotación ou período de corentena (corresponde ao procedemento MR553A) é o período de tempo desde o día seguinte á data efectiva do baleiro sanitario ata a data de autorización oficial á incorporación de animais de novo á explotación (data de desinmobilización da explotación).

b) Os tres meses posteriores ao período de baleiro, contados desde o mesmo día en que se autorice oficialmente a reintrodución de animais ou data de desinmobilización da explotación (corresponde ao procedemento MR553B).

#### Artigo 24. *Criterios e cálculos da contía*

1. Establécense os animais sacrificados con dereito ás axudas, en función da súa idade na data do seu sacrificio (ou morte, se é o caso), e que se terán en conta nos cálculos:

a) Para o gando vacún de leite e o gando vacún de carne con femias non elixibles ou non produtoras de leite: as femias maiores de 24 meses de idade ou paridas antes de facer ou ao facer os 24 meses.

b) Para o gando vacún de carne con femias elixibles (ou potencialmente subvencionables estimadas): será o número de animais que acrediten, para cada explotación, os documentos/informes dos servizos territoriais provinciais do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) da Consellería do Medio Rural, conforme o contido das seccións primeira e segunda do capítulo II, título IV, do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.

c) Para os xatos: contabilizaranse para a axuda todos os xatos machos e femias entre os cero e os 8 meses de idade (menores ou iguais a 8 meses).

d) Para o gando ovino e cabrún: terán dereito á axuda as femias sacrificadas maiores de 12 meses de idade.



2. O contido das alíneas a), c) e d) do punto 1 anterior será obtido das bases de datos da Consellería do Medio Rural polos xestores destas axudas dos servizos provinciais de gandería.

3. Os cálculos faranse multiplicando o valor en euros da marxe bruta (no anexo I desta orde) de cada unidade de produción polo número de unidades de produción que consten como datos oficiais referidos á explotación afectada na Consellería do Medio Rural, resultando así o importe anual que percibirá a explotación; este importe dividido entre 365 días, determinará o importe diario conxunto da explotación, o cal se dividirá entre o número obtido de animais sacrificados con dereito á axuda (para cada correspondente actividade produtiva do anexo I desta orde) para obter o importe que percibirá cada animal ao día.

O importe por animal e día multiplicarase polo número de días de inactividade, e o resultado desta operación será o importe final que se percibirá por cada animal durante o tempo sinalado para o período da axuda de que se trate (no artigo anterior 23.2).

No caso de recuperación parcial da actividade (incorporación de animais), serán descontados, para os días restantes, os importes das reses correspondentes.

#### Artigo 25. *A contía nas subexplotacións bovinas de reprodución para produción mixta*

1. Cando se trate de calcular a contía das axudas para unha subexplotación bovina de clasificación zootécnica «reprodución para produción mixta», que producise e vendese leite (tiña vacas de leite) e que, así mesmo, mantivese vacas de carne, é dicir, que levase a cabo ao mesmo tempo ambas as actividades produtivas gandeiras, o criterio para determinar a pertenza das femias ao censo de gando vacún de leite ou ao de gando vacún de carne será o seguinte:

a) O número de vacas de leite será o número resultante da división entre a cantidade total de leite (en kg) producida e comercializada pola subexplotación nun ano e o rendemento leiteiro medio anual por explotación establecido para España en 6.500 kg.

b) As restantes femias consideraranse como gando vacún de carne (con/sen femias elixibles).

2. Achegaranse desde a Consellería do Medio Rural os documentos xustificativos dos datos recollidos no punto 1 anterior, necesarios para os cálculos da contía.



*Sección 1ª. Instrución do procedemento para os baleiros sanitarios do ano 2022**Artigo 26. As solicitudes nos dous períodos das axudas*

Para os baleiros sanitarios decretados pola autoridade competente durante o ano 2022, en que as persoas titulares desas explotacións estean aínda pendentes de que se emita unha ou ambas as resolucións de aprobación de importes das axudas ao lucro cesante:

1. As persoas interesadas que non presentasen durante o ano 2022 a solicitude de axuda correspondente ao tempo de baleiro da explotación deberán presentar o formulario de solicitude que figura como anexo II desta orde (procedemento MR553A), especificando que corresponde a un baleiro sanitario do ano 2022.

2. As persoas interesadas que non presentaron durante o ano 2022 a solicitude de axuda correspondente aos tres meses posteriores á autorización de incorporación de gando deberán presentar, cando dispoñan da dita autorización, o formulario de solicitude que figura como anexo III desta orde (procedemento MR553B), especificando que corresponde a un baleiro sanitario do ano 2022.

3. Se é o caso, a persoa interesada presentará ambos os anexos (II e III) se non os presentou durante o ano 2022, para solicitar as axudas correspondentes aos dous períodos.

4. Ás persoas interesadas que si presentaron en tempo e forma durante o ano 2022 un ou ambos os formularios de solicitude (anexos II e III), seralles de aplicación a apreciación que se recolle na disposición adicional terceira desta orde e non será necesario que presenten de novo as citadas solicitudes no ano 2023.

5. Así mesmo, terase en conta que a solicitude de cada período da axuda vai ligada e deberá presentarse, se é o caso, a cada subexplotación gandeira (a cada especie animal) afectada por un baleiro sanitario.

*Artigo 27. Documentación complementaria pendente de presentación*

1. Xunto coa solicitude que corresponda (unha ou ambas as dúas), a persoa interesada deberá achegar a documentación complementaria requirida no artigo 30.1 desta orde, que non fose xa presentada xunto coa solicitude do ano 2022, ou que sufrise modificacións.

2. Neste ámbito, así mesmo, a persoa solicitante terá en conta que tamén é de aplicación o contido do artigo 30.3 desta orde.



**Artigo 28. Documentación que achegará a Administración**

A Administración actuante xestionará a obtención da documentación establecida no artigo 31 desta orde para xuntala, en cada caso, aos respectivos expedientes.

**Sección 2ª. Instrución do procedemento para os baleiros sanitarios do ano 2023****Artigo 29. Disposicións para as solicitudes de iniciación**

Para os baleiros sanitarios decretados pola autoridade competente durante o ano 2023 as solicitudes de axuda deberanse presentar, se é o caso, para cada subexplotación gandeira (para cada especie animal) afectada, e en dous períodos de tempo diferentes:

1. A primeira solicitude, polo tempo de baleiro da explotación: a persoa interesada presentaraa dentro do primeiro mes posterior á data en que se lle notifique a resolución de baleiro/sacrificio decretada pola autoridade competente, despois de ser efectivo o sacrificio do último animal da explotación, e empregará o modelo que se recolle como anexo II desta orde (procedemento MR553A), especificando que corresponde a un baleiro sanitario do ano 2023.

2. A segunda solicitude, polos tres meses posteriores á data en que se autorice oficialmente a reintrodución de animais na explotación: a persoa interesada presentaraa dentro do primeiro mes posterior á data en que lle sexa entregado o documento oficial que autoriza a incorporación de gando ou notificación da data de desinmobilización (finalizando neste momento o período de baleiro), e empregará o modelo que se recolle como anexo III desta orde (procedemento MR553B), especificando que corresponde a un baleiro sanitario do ano 2023.

3. Para ter dereito á totalidade da axuda ao lucro cesante (e para cada subexplotación), será necesario que a persoa interesada que presente a segunda solicitude (ademais da primeira) vaia levar a cabo compras de animais para repoñer na explotación nos tres meses ou non.

**Artigo 30. Documentación complementaria**

1. As persoas interesadas deberán achegar coa primeira solicitude a seguinte documentación necesaria para a tramitación do procedemento MR553A:

a) Copia da póliza de seguro contratada que cobre a garantía da perda de produción na explotación e copia dos documentos xustificativos dos importes percibidos por parte da





empresa aseguradora polo dito motivo, se é o caso: en relación coa declaración responsable de titularidade de pólizas de seguros gandeiros recollida no formulario de solicitude anexo II (procedemento MR553A), e só para os casos en que a persoa solicitante ou representante declare que si posuía o dito tipo de póliza. Neste caso, a persoa interesada achegará copia da póliza de seguro contratada completa, con todas as súas follas (garantías básicas e adicionais, compensacións, apéndices, etc.), e correspondente á liña e ao plan anual relacionados coa perda da produción na explotación e vixente na data do baleiro sanitario ordenado pola autoridade competente. Así mesmo, se a persoa titular da explotación e asegurada percibiu importes polos animais sacrificados por mor do baleiro sanitario (pola perda de produción e inactividade), achegará os documentos emitidos pola empresa aseguradora xustificativos deles.

A declaración responsable aquí citada e a correspondente documentación que recolle esta alínea a) non será necesario presentalas de novo xunto co formulario de solicitude anexo III (procedemento MR553B) do segundo período da axuda.

b) Documento emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social que acredite que a persoa física non se atopa incluída no réxime especial de traballadores autónomos ou por conta propia, se é o caso: só para os casos en que o/a solicitante da axuda sexa unha persoa física que non é traballadora autónoma e leve a cabo unha presentación presencial da solicitude.

c) Copias dos documentos de constitución da entidade e dos seus estatutos, se é o caso: para os casos en que o/a solicitante sexa unha persoa xurídica ou unha entidade sen personalidade xurídica (sociedade civil (SC), comunidade de bens (CB), etc.).

d) Documento acreditativo da representación, por calquera medio válido en dereito, se é o caso: un documento que deixe constancia fidedigna da existencia dela. O representante da persoa solicitante poderá ser unha persoa física con capacidade de obrar ou unha persoa xurídica, sempre que isto estea previsto nos seus estatutos.

2. A respecto da documentación complementaria que xuntará, se é o caso, á segunda solicitude: se hai algunha modificación nos documentos presentados coa primeira solicitude e citados no punto 1 anterior, a persoa interesada deberá achegar os novos xunto con esta solicitude.

3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os do-



cumentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

### Artigo 31. *Documentación que achegará a Administración*

Por mor da racionalización administrativa do procedemento de concesión destas axudas, e co fin de reducir as cargas administrativas ás persoas beneficiarias, os servizos de ganadería provinciais e os servizos do Fogga da Consellería do Medio Rural xestionarán a obtención da seguinte documentación, que será incluída nos correspondentes expedientes:

1. Certificado emitido polo xefe do servizo provincial de ganadería que acreditará que a subexplotación gandeira de que se trate realizou o baleiro sanitario, e recollerá a listaxe de animais sacrificados cos seus códigos de identificación individual. Este documento xuntarase ao anexo II e á documentación complementaria correspondente ao período de baleiro da axuda (procedemento MR553A), e non será necesario xuntalo de novo ao expediente do segundo período da axuda ou período de postautorización á reintrodución (procedemento MR553B).

2. Documento obtido das bases de datos da Consellería do Medio Rural que informa se a subexplotación incorporou ou non animais, e os datos relacionados coa dita reposición (identificación dos animais, data da entrada na explotación, etc.), e que se incluírá no expediente do segundo período da axuda (procedemento MR553B).

3. Documento obtido das bases de datos da Consellería do Medio Rural que acredita a clasificación zootécnica da subexplotación a que pertencían os animais sacrificados.

4. Para as subexplotacións con clasificación zootécnica de reprodución para produción de carne ou para produción mixta, informe/certificado da existencia ou non de animais elixibles (potencialmente subvencionables estimados) no ano 2022 ou no ano 2023, segundo



proceda na subexplotación afectada e, se for o caso, o número de elixibles calculados segundo o disposto no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, e que será emitido polo correspondente xefe do servizo territorial do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) da Consellería do Medio Rural.

5. Para as subexplotacións con clasificación zootécnica de reprodución para produción de leite ou para produción mixta, informe/certificado da produción total de leite nun ano (kg de leite/ano), que é o leite entregado á industria máis o leite utilizado para a venda directa, e será emitido polo xefe do Servizo do Sector Lácteo e Mercados Agrícolas (do Fogga) da Consellería do Medio Rural.

6. Os documentos recollidos no artigo 7.1 desta orde, resultado das consultas electrónicas no caso de que as persoas solicitantes das axudas non se opoñan a elas.

## CAPÍTULO II

### **Axudas para a compra de gando bovino, ovino e cabrún para a reposición**

#### Artigo 32. *Criterios para as contías básicas das axudas*

As axudas para a compra de animais bovinos, ovinos e cabrúns destinados á reposición poderán concederse nas contías básicas e cos límites seguintes:

1. 500 euros por animal adquirido da especie bovina e 50 euros por animal comprado de gando ovino e cabrún (houbese ou non baleiro sanitario na subexplotación); estes importes por animal serán incrementados nun 10 % (550 €→bovino, 55 €→ovino e cabrún) se a subexplotación pertencía a unha asociación de defensa sanitaria gandeira (ADSG) nos casos e datas seguintes, e no marco do artigo 1.2 desta orde:

a) No caso de animais sacrificados por mor da execución dos programas de erradicación da tuberculose bovina, brucelose bovina e brucelose ovina e cabrúa, e o programa de vixilancia da leucose bovina, e segundo o ano a que correspondese cada programa, en calquera data anterior á data en que se realizou na subexplotación a primeira proba sanitaria oficial do programa en que se detectaron animais sospeitosos/positivos, ou ben unha data anterior á data en que os servizos veterinarios oficiais do matadoiro atoparon no animal lesións compatibles coa enfermidade.



b) No caso de animais sacrificados por mor da execución dos programas de encefalopatías esponxiformes transmisibles e da lingua azul, e segundo o ano ao que corresponde cada programa, será a data en que a autoridade competente determinou o sacrificio do animal, se este se efectuou por sospeita, ou a data en que o laboratorio oficial emitiu o ditame de positividade, se o animal non foi previamente sacrificado.

2. Establécense os animais sacrificados das subexplotacións que se terán en conta de xeito individualizado para o cálculo das contías (unha res sacrificada→unha res repostada) en función da súa idade na data do seu sacrificio (ou morte, se é o caso):

a) Para as subexplotacións de gando bovino: os animais sacrificados iguais ou maiores a 18 meses de idade.

b) Para as subexplotacións de gando ovino e cabrún: os animais sacrificados iguais ou maiores a 10 meses de idade.

### Artigo 33. *Cálculos dos importes das contías básicas*

1. Para os efectos de determinar a axuda que se vai recibir, e tendo en conta o criterio recollido no artigo 32.2, calcularase o importe medio percibido por animal sacrificado (valor da unidade sacrificada, do cal se beneficiou a persoa titular da explotación), que será o valor resultante de dividir as cantidades totais percibidas en concepto de indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais, os importes dos canais no matadoiro ou na comercialización dos animais, e os importes do seguro gandeiro (este último, se é o caso), entre o número total de animais sacrificados considerados para a axuda.

2. Levarase a cabo o pagamento completo da contía básica sinalada no artigo 32.1, sempre que a diferenza ou resta entre o prezo de compra do animal e o citado importe medio por animal sacrificado sexa un valor positivo igual ou superior á dita contía básica. No caso de que o resultado da referida diferenza sexa un valor positivo inferior á contía básica, pagarase como contía da axuda o dito importe inferior. Se o resultado da diferenza é un valor negativo, non haberá axuda para o animal comprado de que se trate (o valor da unidade sacrificada é maior que o prezo de compra do animal repostado).

3. Unha vez feitos os cálculos destas contías, e para unha mesma solicitude da axuda á reposición presentada para varios animais comprados, podería haber animais que perciban a axuda (valor positivo) e outros que non (valor negativo do importe), se é o caso.



4. Tendo en conta os importes establecidos, o importe total das contías básicas será ata un máximo de 30.000 euros por persoa beneficiaria nos casos de baleiro sanitario da subexplotación, e ata un máximo de 12.000 euros por persoa beneficiaria nos casos en que non se realizase o baleiro sanitario.

Artigo 34. *Contía adicional para o gando bovino*

1. Ademais da contía básica, e cando como resultado dos cálculos sexa alcanzado o importe máximo dela para o animal (500 € ou 550 €), poderá concederse unha contía adicional para a res bovina comprada nos seguintes casos:

a) Se os animais bovinos sacrificados pertencían a subexplotacións incluídas en núcleos de control leiteiro oficial, nun importe por animal igual ao resultado de multiplicar:

0,15 euros polos quilos de leite resultantes de aplicar a diferenza entre o rendemento leiteiro medio das lactacións válidas finalizadas, de polo menos o 60 % das femias da subexplotación con maior rendemento, e a cantidade de 6.500 quilos.

b) Se os animais bovinos sacrificados tiñan menos de 12 anos de idade na data do seu sacrificio, pertencían a unha raza pura cárnica e estaban inscritos no libro xenealóxico da citada raza, poderase engadir unha contía adicional por animal segundo os seguintes criterios:

150 € en animais sacrificados con cualificación morfolóxica de 65 a 72 puntos.

300 € en animais sacrificados con cualificación morfolóxica de 73 a 80 puntos.

450 € en animais sacrificados con cualificación morfolóxica de máis de 80 puntos.

Aplicarase a cualificación morfolóxica que se recolla na carta ou certificado xenealóxico do animal. Para os casos en que no certificado/carta xenealóxica se recollan desagregadas a cualificación cárnica e a cualificación reprodutora, a cualificación morfolóxica final do animal será a media das puntuacións destas.

2. O cálculo da contía adicional nas subexplotacións bovinas de reprodución para produción mixta que se atopasen incluídas en núcleos de control leiteiro oficial, levarase a cabo segundo o seguinte criterio: os bovinos sacrificados que se terán en conta para aplicar a contía resultante que se recolle no artigo 34.1.a) serán os de raza frisoa e raza parda alpina, sexa cal sexa a raza bovina do animal que se compre.



**Artigo 35. Contía máxima das axudas para o gando bovino**

1. A contía máxima da axuda para cada res bovina adquirida será a suma do importe máximo da contía básica máis o importe da contía adicional, se é o caso.

2. Levarase a cabo o pagamento completo da contía máxima sinalada no punto 1, sempre que a diferenza ou resta entre o prezo de compra do animal e o importe medio por animal sacrificado sexa un valor positivo igual ou superior á dita contía máxima. No caso de que o resultado da dita diferenza sexa un valor positivo inferior á contía máxima, pagarase como contía da axuda o dito importe inferior.

3. Para os casos en que sexa de aplicación a contía adicional, o límite máximo das axudas por persoa beneficiaria será de 40.000 euros.

**Artigo 36. Número de reses con dereito ás axudas**

O número de reses obxecto das axudas á reposición non poderá ser superior, en ningún caso, ao número total de animais sacrificados estimados segundo o criterio do artigo 32.2, que estivesen asignados a esa subexplotación na base de datos oficial da Consellería do Medio Rural, e que sufrisen o sacrificio obrigatorio/eutanasia ou morresen por enfermidade sometida a un programa ou actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación.

**Sección 1ª. Instrución do procedemento para as axudas á reposición do ano 2022****Artigo 37. As solicitudes de axudas pendentes do ano 2022**

Para as axudas á reposición do ano 2022 que quedasen pendentes de tramitación e de pagamento, e para cada subexplotación gandeira afectada (para cada especie animal):

1. As persoas interesadas que non presentaron durante o ano 2022 as solicitudes de axudas correspondentes a compras de animais que realizaron con anterioridade á data do 1 de xaneiro de 2023 deberán presentar unha única solicitude para todas elas empregando o formulario que se recolle como anexo IV desta orde (procedemento MR550A).

2. Ás persoas interesadas que si presentaron en tempo e forma durante o ano 2022 os correspondentes formularios de solicitude (anexo IV) para as compras de animais que



levaron a cabo, seralles de aplicación a apreciación que se recolle na disposición adicional terceira desta orde e non será necesario que presenten de novo esas mesmas solicitudes no ano 2023.

*Artigo 38. Documentación complementaria pendente do ano 2022*

1. Se for o caso, xunto coa solicitude, a persoa interesada deberá achegar a documentación complementaria requirida no artigo 41.1 desta orde, que non fose xa presentada xunto coa solicitude do ano 2022, ou que sufrise modificacións.

2. Neste ámbito, así mesmo, a persoa solicitante terá en conta que tamén é de aplicación o contido do artigo 41.3 desta orde.

*Artigo 39. Documentación pendente que achegará a Administración*

A Administración actuante xestionará a obtención da documentación establecida no artigo 42 desta orde para xuntala, en cada caso, aos respectivos expedientes.

*Sección 2ª. Instrución do procedemento para as axudas á reposición do ano 2023*

*Artigo 40. Disposición para as solicitudes de iniciación*

Para as axudas á reposición do ano 2023, as persoas interesadas presentarán unha solicitude cada vez que demanden a axuda pola compra de animais, para cada sub explotación gandeira afectada, empregando o formulario que se recolle como anexo IV desta orde (procedemento MR550A).

*Artigo 41. Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa primeira solicitude correspondente a compras do ano 2023, e logo de ter a explotación autorización para a reintrodución de animais (ou explotación desinmobilizada), a seguinte documentación necesaria para a tramitación do procedemento, segundo o caso de que se trate:

a) Copia da póliza de seguro contratada que cobre a cobertura de indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais, en cumprimento de programas ou actuacións oficiais de vixilancia, loita, control ou erradicación das súas enfermidades, e copia dos documentos xustificativos dos importes percibidos polos animais sacrificados por parte da empresa





aseguradora, se é o caso: en relación coa declaración responsable de titularidade de pólizas de seguros gandeiros recollida no formulario de solicitude (anexo IV), e só para o caso en que a persoa solicitante ou representante declare que si posuía o dito tipo de póliza, presentárase copia da póliza de seguro contratada completa, con todas as súas follas (garantías básicas e adicionais, compensacións, apéndices, etc.), e correspondente á liña e ao plan anual relacionados coa cobertura de indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais.

b) Para os animais bovinos sacrificados de raza cárnica e inscritos no libro xenealóxico da raza, copia da carta/certificado xenealóxico do animal sacrificado en que se recolla a cualificación morfolóxica (ou cualificacións cárnica e reprodutora, se é o caso), emitida pola entidade xestora do libro xenealóxico da raza, se é o caso.

c) Xustificantes do valor económico obtido na comercialización dos animais antes do seu sacrificio obrigatorio, se é o caso: estes documentos recollerán, como mínimo, a data en que se venderon os animais, os datos da persoa solicitante da axuda (persoa vendedora), os datos da persoa que comprou os animais e os importes individualizados percibidos por cada animal.

d) Xustificantes dos importes percibidos polos canais no matadoiro, se é o caso: estes documentos recollerán, como mínimo, as datas de sacrificio dos animais, os importes individualizados percibidos por cada canal, os datos da persoa solicitante da axuda e perceptora dos ditos importes, e os datos do matadoiro.

e) Facturas ou documentos equivalentes válidos en dereito que acrediten a compra dos animais polos cales se solicita a axuda: estes documentos recollerán a data efectiva da compra, os datos da persoa solicitante da axuda (persoa compradora), os datos da persoa que vendeu os animais e os importes desagregados pagados por cada animal (un exemplo de documento válido sería un contrato privado de compravenda, que recolla todos os datos aquí citados).

f) Documento da entidade financeira (banco/caixa) que acredite o pagamento efectivo dos animais comprados: deberá levarse a cabo a través dunha transferencia, cun movemento bancario entre dúas contas bancarias distintas (dous códigos IBAN), unha cos datos bancarios da persoa compradora e solicitante da axuda e outra cos datos bancarios da persoa vendedora. O dito documento bancario/caixa deberá recoller como ordenante da transferencia a persoa solicitante da axuda ou compradora, ou ben os datos de todos os



titulares/cotitulares da conta bancaria desde a cal se realizou o pagamento e, así mesmo, no concepto ou asunto recollerá o código de identificación do animal comprado ou ben o número da factura que se pagou. Para os casos en que a persoa vendedora sexa unha entidade xestora do libro xenealóxico da raza, ademais da transferencia será válido o cargo por domiciliación.

g) Documento emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social que acredite que a persoa física non se atopa incluída no réxime especial de traballadores autónomos ou por conta propia, se é o caso: só para os casos en que o/a solicitante da axuda sexa unha persoa física que non é traballadora autónoma e leve a cabo unha presentación presencial da solicitude.

h) Copias dos documentos de constitución da entidade e dos seus estatutos, se é o caso: para os casos en que o/a solicitante sexa unha persoa xurídica ou unha entidade sen personalidade xurídica (sociedade civil (SC), comunidade de bens (CB), etc.).

i) Documento acreditativo da representación, por calquera medio válido en dereito, se é o caso: un documento que deixe constancia fidedigna da existencia dela. O representante da persoa solicitante poderá ser unha persoa física con capacidade de obrar, ou unha persoa xurídica sempre que isto estea previsto nos seus estatutos.

2. No caso de presentar máis solicitudes de axuda ao longo do ano, as persoas interesadas achegarán con cada unha delas a correspondente documentación complementaria das alíneas e) e f) do punto 1 anterior. Ademais, se o consideran oportuno ou por modificacións na documentación xa presentada, poderán achegar calquera outro documento dos sinalados no citado punto 1.

3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.



**Artigo 42. Documentación que achegará a Administración**

Por mor da racionalización administrativa do procedemento de concesión destas axudas, e co fin de reducir as cargas administrativas ás persoas beneficiarias, os servizos de gandería provinciais e o Servizo de Producións Gandeiras e Benestar Animal da Consellería do Medio Rural xestionarán a obtención da seguinte documentación, que será incluída nos correspondentes expedientes:

1. Documento obtido das bases de datos da Consellería do Medio Rural que é o xustificante da pertenza ou non da subexplotación a unha ADSG (agrupación de defensa sanitaria gandeira), para os efectos do incremento na contía da axuda, se é o caso, e segundo o artigo 32.1 desta orde.

2. Documento obtido das bases de datos da Consellería do Medio Rural que acredita a clasificación zootécnica da subexplotación a que pertencían os animais que se sacrificaron.

3. Se é o caso, para as subexplotacións con clasificación zootécnica «producción de leite» ou «producción mixta», o certificado coas producións leiteiras das vacas, para as explotacións incluídas no control leiteiro oficial, e para os efectos da contía adicional da axuda establecida no artigo 34 desta orde. O dito certificado será emitido polo xefe do Servizo de Producións Gandeiras e Benestar Animal da Consellería do Medio Rural, o cal tamén certificará as explotacións que non estean en núcleos de control leiteiro oficial.

4. Os documentos recollidos no artigo 7.1 desta orde, resultado das consultas electrónicas no caso de que as persoas solicitantes das axudas non se opoñan a elas.

**Disposición adicional primeira. Normativa de aplicación**

A todos os aspectos non regulados na presente orde aplicaráselles o disposto nas seguintes leis: a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



**Disposición adicional segunda**

1. A liña de axudas de Estado establecida nesta orde axústase ao disposto no Regulamento (UE) núm. 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño, polo que se decláran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (DOUE do 1.7.2014, L 193/1). En concreto, o principal obxectivo desta liña de axudas é compensar as pemes polas perdas que lles causaron as enfermidades animais, tal e como informa o artigo 26 deste regulamento.

2. Este réxime de axudas estatais foi comunicado á Comisión Europea, que o rexistrou co número de axuda SA.40482 (2015/XA). Así mesmo, atópase publicado na web da Comisión con data do 3 de xuño de 2015.

3. A tramitación e o pagamento destas axudas quedará, en todo caso, condicionado a que os órganos competentes da Unión Europea non formulen obxeccións a elas, e ás posibles observacións e modificacións derivadas de tales pronunciamentos.

**Disposición adicional terceira. *Regulación de preceptos e documentación pertencentes ao procedemento de concesión destas axudas do ano anterior***

No caso de que durante a instrución do ano 2022 haxa solicitudes das axudas presentadas en tempo e forma por persoas interesadas (dos procedementos MR553A, MR553B e MR550A), así como informes para proposta de resolución emitidos polos servizos de ganadería provinciais, e ao abeiro da Orde do 31 de xaneiro de 2022, da Consellería do Medio Rural, que rexía a concesión destas axudas, e que non se puidesen tramitar durante o ano 2022, teranse en conta no procedemento de concesión destas axudas para o ano 2023 e ao abeiro desta orde, e para os expedientes dos procedementos MR553A, MR553B e MR550A xa iniciados, sen necesidade de que as ditas persoas interesadas presenten un novo formulario de solicitude normalizada para elas, nin tampouco que os servizos de ganadería provinciais emitan novos informes para proposta de resolución se xa están xerados.

**Disposición adicional cuarta. *Base de datos nacional de subvencións***

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.



**Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa***

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias para ditar as instrucións necesarias para a aplicación e o cumprimento desta orde.

**Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor***

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2022

José González Vázquez  
Conselleiro do Medio Rural

**ANEXO I****Axudas de compensacións complementarias**

Marxes brutas das principais actividades produtivas gandeiras das explotacións (valor en euros/unidade):

Actividade	Unidades de produción	Características	Pdto. bruto	G. variable	Marxe bruta
